

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE MARZO DE 2019

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, Marta

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Souto Castro, Iria

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa M^a

Garrido Labrador, Begoña

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade que figuran ao marxe, o 14 de marzo de 2019, ás 18.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de novembro de 2018.
2. Informe da presidenta.
3. Análise e validación, se procede, do informe de revisión pola dirección correspondente ao curso 2017/2018.
4. Rolda de intervencións.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de novembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

A decana pide desculpas porque hoxe non se atopa ben de saúde, polo tanto o informe será reducido.

A Facultade de Historia recibiu xa a acreditación institucional de centros da ACSUG, o que suporá unha simplificación no procedemento de renovación da acreditación dos títulos, sen necesidade de someterse ao procedemento convencional establecido no Real Decreto 1393/2007.

3.- Análise e validación, se procede, do informe de revisión pola dirección correspondente ao curso 2017/2018.

Este ano a elaboración do Informe de Revisión pola Dirección sufriu certa demora debido a que se estivo a traballar no plan estratéxico da facultade. De feito, aínda esta mañá maquetouse o documento para súa correcta visualización.

A profesora Yolanda Barriocanal felicita á decana porque na súa opinión é un documento moi claro, con datos interesantes e con moita transparencia.

Susana Reboreda pasa a comentar aspectos técnicos relativos ao informe. En relación as enquisas de satisfacción indica que pasan do aprobado, incluso hai persoas que están nun notable. Algunhas respostas resultan curiosas, como que no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural un dos ítems peor avaliados son os horarios, cando se trata dun título semipresencial, onde o alumnado pode escoller o momento de visualizar as clases teóricas.

En consonancia co Plan Anual de melloras se organizaron xornadas de orientación laboral, as que lamentablemente o alumnado de Grao non asistiu. As sesións leváronse a cabo porque estaba programado coa UVigo TV gravadas. Resulta cando menos desconcertante esa falta de interese por parte do alumnado neste tema. Planificáronse tamén outras xornadas de orientación para o alumnado do plan conxunto que coincidiu cun día no que estaba convocada folga, neste caso, si houbo máis interese, e asistiron seis persoas. Tamén a sesión foi gravada e subida a web do centro.

Púxose en marcha un Proxecto Piloto para realizar as enquisas de avaliación docente on line nas titulacións semipresenciais, polo que ademais do Grao, se aplica ao Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Intervén Beatriz Comendador porque non é coñecedora deste proxecto e ela, explica, leva anos reclamándoas para o Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. A decana acláralle que se trata dun proxecto piloto que só se realiza coas titulacións semipresenciais.

Outro aspecto a aclarar é o relativo á taxa de abandono que ven definida como o alumnado dunha cohorte de ingreso que, sen obter o título, non se matricula durante dous cursos seguidos. Aínda que o/a estudante se matricule pasados dous ou máis anos seguirá computando como abandono. Estase tratando de determinar as causas, aínda que probablemente teña relación coa semipresencialidade e dificultade de compatibilizar os estudos coa vida laboral.

Os egresados fan moi boa puntuación da titulación.

Prodúcese un intercambio de ideas en relación ao IRD entre Susana Reboreda, as profesoras Beatriz Vaquero, Beatriz Comendador, Yolanda Barriocanal e o alumno Juan Manuel Galiña. Susana Reboreda responde as cuestións que se formulan. Realízanse pequenos cambios propostos por eles para dese xeito, poder someter mañá o IRD a aprobación por parte de xunta de facultade.

María López pregunta polo PCEO, indícase que funciona moi ben, que se caracteriza por ter un alumnado moi implicado.

Apróbase por asentimento a validación do documento final.

4.- Rolda de intervencións.

Non se presentan. A decana agradece a todos as súas aportación e a súa participación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 18.35 h do día 14 de marzo de 2019, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente